



nota de prensa

Veciñanza chama a participar no Encontro Aberto que convoca este venres en Cuntis

O encontro veciñal deste venres será a lanzadeira de cara á configuración dunha candidatura electoral e dun programa participativo no que xa se está traballando, e que contará coas aportacións de todo o tecido asociativo, cultural, deportivo e económico da vila e das parroquias de Cuntis.

Cuntis. 27 de febreiro de 2019

Veciñanza chama a participar no acto público que este venres convoca en Cuntis para reflexionar e impulsar de novo a candidatura veciñal para as eleccións de maio. **O encontro terá lugar este venres, día 1 de marzo, ás nove da noite na Casa da Cultura “Roberto Blanco Torres”.**

Logo de catro anos de traballo en positivo dende a oposición municipal, Veciñanza sométese á valoración das veciñas e veciños de Cuntis á procura de construír **unha alternativa electoral sólida e capacitada**. Co aval de todo o traballo feito e coa garantía de ser un instrumento político máis necesario que nunca na vida municipal de Cuntis, o voceiro de Veciñanza, Santi Martínez, afirma que *“somos unha opción con toda a consistencia necesaria para liderar un goberno municipal a partir do 26 de maio, e seremos tan fortes como os veciños e as veciñas de Cuntis queiran. Este venres abrimos as portas, como sempre estiveron, para facer un exercicio de transparencia, de futuro pero tamén de autocrítica. Gustaríanos contar con todos aqueles veciños e veciñas interesados no noso traballo e no proxecto dunha alternativa veciñal, e estamos moi satisfeitos pola receptividade que nos están a transmitir todas aquelas persoas coas que xa vimos contactando a nivel persoal nas últimas semanas, isto supón para nós unha dose extra de ánimo e de forzas”.*

O encontro veciñal deste venres será **a lanzadeira de cara á configuración dunha candidatura electoral e dun programa participativo no que xa se está traballando, e que contará coas aportacións de todo o tecido asociativo, cultural, deportivo e económico da vila e das parroquias de Cuntis.**